

ACORDOS NÚMERO 12/2015
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 25.11.2015

(A información contida no punto 3. SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓN XERAIS 2015 foi editado para a eliminación de datos persoais)

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:15 horas, do día doce de novembro de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

Non asiste:

D^a. M^a Pilar García Pereiro

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
2. DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN.-
3. SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓN XERAIS 2015.-
4. INFORMACIÓN DA ALCALDIA.-
5. ROGOS E PREGUNTAS.-

Antes de iniciar o pleno o señor alcalde propón realizar en primeiro lugar o Sorteo para a designación dos membros das mesas para as eleccións xerais 2015, por motivos técnicos, estando todos os asistentes de acordo procedese ao sorteo.

- 1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a acta da sesión plenaria nº 11/2015 celebrada o 24 de setembro de 2015, preguntando aos concelleiros asistentes si existe algunha obxección á mesma.

Sometida a aprobación queda aprobada a acta anterior.

2.- DACIÓN CONTA DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN.-

Pola Presidencia dase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 21.09.2015, comezando polo número 139/2015 ata o día 20.11.2015 que se corresponde co número 170/2015, e dos que os concelleiros teñen copias. Rectificando o nome do solicitante do decreto 147 e 151 onde dí Cristian Puente Muiño debe decir Cristian Puente Pombo.

3.- SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS 2015.-

O vindeiro 20/12/2015 serán as Eleccións Xerais 2015, en cumprimento co establecido na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, deberase proceder ao sorteo das persoas que formarán parte das mesas electorais o vindeiro día 20/12/2015, acolléndose aos programas informáticos facilitados pola Diputación Provincial da Coruña ou o do INE (programa Conoce).

Acordase facer un novo sorteo cos representantes de cada grupo político si non é posible notificar as persoas seleccionadas para as mesas ou si a Xunta Electoral de Zona o determina, aos efectos establecidos na Lei.

Cumpridas tódalas formalidades legais establecidas, este concello formou as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

DISTRITO PRIMEIRO SECCIÓN PRIMEIRA MESA A

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	M. F. R.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	M. S. G. S.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	M. X. G. R.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTES

Presidente	F.M. B.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	J. L. F. P.	XXXXXXXXXX	---
1rde1r Vocal	P. V. C.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	J. M. C. G.	XXXXXXXXXX	---
1r de 2º Vocal	M.M. R. L.	XXXXXXXXXX	---
2ºde 2º Vocal	F. L. G.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO PRIMEIRO SECCIÓN PRIMEIRA MESA B

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	M. J. G. R.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	O. G. V.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	J. G. P.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTES

Presidente	I.H. G.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	F. S. S.	XXXXXXXXXX	---
1rde1r Vocal	M. D. P. G.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	M. P. F.	XXXXXXXXXX	---
1r de 2º Vocal	M. C. .L.	XXXXXXXXXX	---
2ºde 2º Vocal	C. G. G.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO PRIMEIRO SECCIÓN SEGUNDA MESA A

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	Mª S. G. G.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	C. J. P. B.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	R. R. C.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTES

Presidente	A.B. G. G.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	J.J.O.C.	XXXXXXXXXX	---
1rde1r Vocal	M.E.R.G.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	A.V.G.	XXXXXXXXXX	---
1r de 2º Vocal	J.M.G.R.	XXXXXXXXXX	---
2ºde 2º Vocal	J.M.C.S.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO PRIMEIRO SECCION SEGUNDA MESA B

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	I.L.T.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	M.M.F.O.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	O.R.G.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTES

Presidente	N.L.C.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	J.M.L.B.	XXXXXXXXXX	---
1rde1r Vocal	P.G.C.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	C.S.F.	XXXXXXXXXX	---
1r de 2º Vocal	R.C.C.	XXXXXXXXXX	---
2ºde 2º Vocal	M.C.C.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO SEGUNDO SECCION PRIMEIRA MESA A

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	M.F.M.M.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	J.M.C.G.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	J.A.C.C.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTE

Presidente	V.B.M.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	P.P.L.M.	XXXXXXXXXX	---
1º de 1º Vocal	E.R.R.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	P.R.N.	XXXXXXXXXX	---
1º de 2º Vocal	M.N.C.	XXXXXXXXXX	---
2º de 2º Vocal	M.C.C.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO SEGUNDO SECCION PRIMEIRA MESA B

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	E.B.R.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	R.B.P.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	A.L.G.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTE

Presidente	F.J.I.R.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	J.M.G.P.	XXXXXXXXXX	---
1º de 1º Vocal	A.C.V.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	J.R.B.	XXXXXXXXXX	---
1º de 2º Vocal	A.V.R.B.	XXXXXXXXXX	---
2º de 2º Vocal	P.L.L.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO SEGUNDO SECCION SEGUNDA MESA A

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	M.P.L.G.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	M.R.F.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	D.P.B.C.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTE

Presidente	A.M.G.P.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	A.F.F.	XXXXXXXXXX	---
1º de 1º Vocal	P.C.F.	XXXXXXXXXX	---

2º de 1º Vocal	J.A.C.R.	XXXXXXXXXX	---
1r de 2º Vocal	M.J.C.L.	XXXXXXXXXX	---
2ºde 2º Vocal	S.G.M.	XXXXXXXXXX	---

DISTRITO SEGUNDO SECCION SEGUNDA MESA B

TITULARES

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI	ELECTOR
Presidente	C.B.M.	XXXXXXXXXX	---
1º Vocal	J.M.C.B.	XXXXXXXXXX	---
2º Vocal	F.M.V.	XXXXXXXXXX	---

SUPLENTES

Presidente	J.P.G.	XXXXXXXXXX	---
Presidente	I.M.S.L.	XXXXXXXXXX	---
1rde1r Vocal	A.F.P.	XXXXXXXXXX	---
2º de 1º Vocal	B.M.R.	XXXXXXXXXX	---
1r de 2º Vocal	J.F.B.	XXXXXXXXXX	---
2ºde 2º Vocal	J.C.B.P.	XXXXXXXXXX	---

4.- INFORMACIÓNS DA ALCALDIA.-

O señor alcalde informa sobre o seguinte:

1. O acto de inauguración da IX Mostra de Obradoiros Culturais da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes que se celebrará o vindeiro venres 27 de novembro ás 20:00h no Salón de actos da Casa de Cultura deste Concello.
2. Sobre a nota de prensa publicada na Voz de Galicia do día 23 de novembro de 2015 en relación ao prazo de pago de facturas.
3. Sobre a nota de prensa publicada na Voz de Galicia do día 20 de novembro de 2015 en relación “a campana que cuelga de un carballo en Tordoia”.
4. Informa sobre o contido das circulares do POS e do PAS.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O señor alcalde empeza o punto de Rogos e preguntas precisando que si se presentaran con anterioridade á convocatoria dos plenos se intentaría contestar no mesmo, tamén considero que algunhas das preguntas formuladas neste pleno teñen consideración de rogos, e en relación coas copias solicitadas algunhas non se poden facilitar en cumprimento da Lei de protección de datos.

O señor alcalde procede a responder as preguntas formuladas no pleno do 24.09.2015 polo señor concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García Vázquez,
“1.- Escrito directora do colexio, manifestando deficiencias no centro, de que se trata?, solicitamos copia de dito documento.

Responde o señor alcalde: Pola Directora do colexio, en xullo último, expónse a necesidade de pintura exterior dos dous edificios (cun presuposto de 50.000€), así como outras pequenas obras de mantemento.

Igualmente informolle, que a Xunta de Goberno Local do 28/11/2014, aprobou unha memoria de obras do exterior do CPI Pecalama consistentes en cuberta e carpintería exterior por importe de 72.742€, mellora que foi solicitada á Consellería de Educación.

2.- Denuncias de Vecinos de Castenda, Tarroeira e Vilar, cal e a resolución, que fixeron para arranxar dito problema, Solicitamos copia de denuncias e infome da policía local.

Responde o señor alcalde: Son varios os escritos da parroquia de Castenda, polo que non sei a cales se refire. Ten a súa disposición nas oficinas municipais os correspondentes expediente, que poderá ver cando o considere oportuno.

3.-Abonos RCD. Coruña, son imprescindibles ese abonos?, cantos son?, quen disfruta de eles?, copia das persoas que foron o fútbol con eses abonos.

Responde o señor alcalde: Este Concello é abonado e socio do RC Deportivo da Coruña desde fai máis de vinte anos. Asisten aos partidos membros da corporación e veciños que solicitan os pases.

4.- Oferta de compra de vehículo para incendios. Esta ben o prezo, que función fai Amádeo Cancela nesa Patrulla, está de bombeiro?.

Responde o señor alcalde: Con motivo da contratación da brigada contra incendios, adquiriuse un vehículo todo terreno para o seu uso durante toda a campaña, facendo uso dun dos vehículos os componentes da brigada, e outro o concelleiro e brigada de obras

5.- Escritos presentados polas comisións de Festas do concello, quen avisou a esas comisións, porque non están Bardaos e Santaia.

Responde o señor alcalde: As comisións de festas, presentan a solicitude para o cobro da subvención cando consideran oportunas, sen avisos.

6.- Requisitos de documentación a todas as comisións de festas, trato desigual a Bardaos nos se lle pide o que pon no decreto. Acceso e copia de toda a documentación das comisións de festas, pedimos trato igual a todos, o baremo puxo vostede na de Bardaos.

Responde o señor alcalde: Ás comisións de festas, esixelle a todas elas a mesma documentación sen que haxa trato discriminatorio para ningunha delas, como vostede pode ver nos expedientes deste ano.

7.- Pedimos tanto nos partidos de fútbol como nas diferentes festas no concello a disposición dunha ambulancia xunto cun equipo de persoal capacitado, instalación do equipo desfibrilador e unha persoa que sexa capaz de manexalo.

Responde o señor alcalde: Entendo que se trata dun rogo, que se estudiará por este equipo de goberno.

8.- Solicitamos o Arranxo de estrada de Portociños a Río Davila, está en pésimo estado.

Responde o señor alcalde: Entendo que se trata dun rogo, terase en conta en futuros proxectos

9.-Solicitamos o Arranxo dos Camiños de concentración parcelaria de Santaia pendentos de execución dende fai 4 anos.

Responde o señor alcalde: Entendo que se trata dun rogo, terse en conta en futuros proxectos.

10.-Solicitamos o arranxo Urxente de dous camiños en Castenda.

- O de Malvares, o que vai as antenas de Movistar, xa foi incluído no plan que se está executando

- O Eterno Camiño de Pau de Redes de Vilar de Castenda. Xa solicitado nos últimos anos.

Responde o señor alcalde: Entendo que se trata dun rogo, terase en conta en futuros proxectos.

11.- Exixir a limpeza nos camiños recen feitos, caso de Bardaos, finca do perito do Petón, non se respetou o ancho de limpeza nese tramo.

Responde o señor alcalde: entendo que se trata dun rogo, terase en conta en futuros proxectos

12.- Copia do PXOM aprobado recentemente.

Responde o señor alcalde: unha vez aportado definitivamente pola Xunta, facilitaráselle copio do mesmo, de todas maneiras teno a súa disposición nas oficinas municipais.

13.- Enmendas que fixo o concello no PGE (presupostos do estado).

Responde o señor alcalde: é competencia do Congreso dos Deputados e non dos concellos.

14.- días festivos locais. Alternar con parroquias

-propoñemos 8 sep virxen dos remedios (Bardaos)

-16 agosto San Roque (Castenda e Bardaos)

Responde o señor alcalde: foron aprobados para o ano 2016 no Pleno de 24.09.2015.

15.- Mes de Vacación do alcalde e delegación en Inés Santos. Solicitamos ver documento de posible Incompatibilidade firmado e entregado antes de tomar posesión.

Responde o señor alcalde: todos os membros desta corporación, firmaron antes da toma de posesión, a mesma declaración de incompatibilidades baixo a súa responsabilidade.

16.- Artes Gráficas ESYMAR, Incompatibilidade por aparecer nas lista no PP de Tordoia. Solicitamos de cese dese provedor o tempo que informamos que en Tordoia hai máis imprentas que poden facer ese traballo. Caso de IMPROSET

Responde o señor alcalde: non consta causa de incompatibilidade coa empresa Eymar. Calquera empresa, tanto do Concello como de fóra, pode presentarnos as súas ofertas.

17.- Solicitar nulidade de acordos de Ines Santos por incompatibilidade no cargo.

Responde o señor alcalde: non considero a nulidade deste acordos.

18.- Nulidade no Acordo de Urgencia da contratación do persoal do PAI, por certo a dedo, e que casualidade que no mes de Marzo deixo firmado nun sobre cerrado na parrillada de Castenda quen ia ser a persoa contratada, e lamentable a súa forma de actuar.

Responde o señor alcalde: non considero a nulidade deste acordo.

19.- Solicitar na Xunta é revertir o PAI unha Gardería Infantil. Para así poder darlle a comida os nenos o tempo que o horario pode ser mais extensible.

Responde o señor alcalde: estase solicitando a firma dun convenio coa Consellería de Benestar.

20.- Convocatoria de Xuntas de Goberno Extraordinarias, sobrecuste innecesario. Estando vostede xubilado e poñéndose unha asignación por asistencia a pleno de 400€ parécelle correcto que nun mes convoque 3 comisións de goberno e unha delas extraordinaria?. Sen comentarios....

Responde o señor alcalde: as dietas por asistencia dos membros de goberno a distintas comisións e plenos, foron aprobadas no Pleno do 10.07.2015. É falso que se celebren tres comisións de goberno nun mes."

Concedeselle a palabra ao señor Carlos portavoz do PSdeG-PSOE, manifestando que vai a facilitar as preguntas igual que sempre, e a información que non queira entregarme ten que decirmo por escrito, xa que o Plan Xeral ten a obrigación de entregarme a documentación solicitada.

Unha vez explicadas as preguntas do pleno anterior formuladas polo concelleiro do PSOE polo señor alcalde, interven o concelleiro do PSdeG-PSOE formulando os seguintes ROGOS E PREGUNTAS para este pleno:

1. Instar á Deputación Provincial da Coruña para que veña a Tordoia e sinalice ben a CP-8401 da Tablilla a Agrodomestre. O Concello debe reclamar. En Santaia pasa igual. Solicitar a Deputación que sinalice ben os núcleos urbanos da CP-8401 e CP-5902.
2. Dende fai 6 meses estan pasando camións abertos de basura por Tordoia deixando un olor imsoportable. Quero saber a onde van?, de onde veñen? E si cumpren a normativa. A Policia Local non deberia de intervenir?.
3. Afirma que enfrente a Igrexa de Viladoabade hai un alpendre, ten consignación en base a que plan?.
4. Manifesta que en Castenda, que coñece ben pois é de ali, estanse realizando obras en propiedades privadas con cartos públicos, polo que entendo e un tema de xuzgado.
5. Pregunta polo verquido do río que vai a Trazo desde a depuradora de Castenda, se medio ambiente ha requerido algunha documentación e si se informou ao Concello de Trazo do mesmo, e si esta obra esta certificada e pagada e que desearia ver o expediente.

Ahora o concelleiro do PSdeG-PSOE afirma que pode contestar no seguinte pleno que non lle parece mal, que seguira traendo as mesmas pleno tras para debater e ata que no se de resposta .

O señor alcalde manifesta que lamenta que se utilicen ameazas ou denuncias, que as cousas hai que demostrarlas, os expedientes estan a súa disposición para cando os consultar e facilitaráselle todo o que este dentro da lei.

Sr. Carlos replica sulñando que recoñeza os feitos como os permisos de baile, que a súa información e dos veciños.

Prodúcese un dialogo entre o señor alcalde e o Concelleiro do PSdeG-PSOE sobre as obras realizadas en Castenda.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 13:45 horas do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,